

¿Estás a darlle voltas ás optativas? ¿Non tes claro cal elixir? ... ¿Sabias que...?



Volkswagen significa “coche do pobo”,



Nestlé

. . . e Nestlé é “niño de paxaros” (en diminutivo) ?



, Kinder é “nenos”

¡Anímate!

Comunicarte nunha lingua como a alemá permitirache non só encontrar un traballo máis facilmente, senón tamén coñecer unha cultura fundamental no ámbito europeo e aínda universal...

**¡Non teñas dúbida! ...
¡¡ A túa optativa é ALEMÁN !!**

E LEMBRA ...

¡A **Hamburguesa** ten a súa orixe na cidade alemana de **Hamburgo!**. Foron os emigrantes alemanes os que levaron consigo a receita aos Estados Unidos...

- IES Rosais 2 é o único instituto público de Vigo que oferta Alemán coma Segunda Lingua Estranxeira na ESO e no bacharelato.
- Os nosos alumnos non necesitan coñecementos previos de alemán...



Algunhas cifras. Sabías que...

1. Falar o idioma alemán mellora enormemente as túas posibilidades no campo laboral. Abrirache oportunidades en moitas compañías europeas e do estranxeiro.



2. A nivel mundial Alemaña é o primeiro país exportador e a terceira economía máis forte do mundo !!!.



3. Despóis do inglés, o Alemán é o idioma máis importante do mundo no CAMPO CIENTÍFICO. Por tanto é moi útil en carreiras como Bioloxía, Química, Física, Farmacia, Enxeñaría ou Ciencias Económicas e Empresariais, e tamén en Dereito Filoloxía, Traducción e Interpretación, Turismo, Psicoloxía, Informática ou Arquitectura.



4. O alemán é o idioma de Goethe, Nietzsche e Kafka. Mozart, Bach, Beethoven, Kant, Freud e Einstein tamén falaban alemán.

5. **iii O alemán é a lingua materna con máis falantes da Unión Europea !!!.** Coma lingua estranxeira , o alemán é a segunda lingua máis coñecida despois do inglés... e tamén a máis utilizada na INTERNET!!

6. Os cidadáns dos países de fala alemá son os que máis invisten en turismo e moitos deles deciden visitarnos.

7. O alemán non é máis difícil de ler e de escribir que calquera outra lingua, incluída a galega...

8. **iii O 18% de tódolos libros do mundo están publicados en alemán !!!**

